

Acta da reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Día: 13 de abril de 2020

HORA: 10:00-11:32 h

LUGAR: via MS Teams

Asistentes: Cristina Cambeses Franco, Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Juan M. Lema Rodicio, Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, Anuska Mosquera Corral, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez e Ana M. Soto Campos.

Disculparon a súa ausencia: Gumersindo Feijoo Costa, Isaac Ferradás Villanueva

1. Informes
  - 09/03/2020 Reunión presentación Prácticas en empresa y TFM a los alumnos de primer curso (19 asistentes)
  - 13/03/2020 Suspéndese a docencia presencial pola expansión do COVID-19 situación que continuará ata o final do cuatrimestre.
  - 16/03/2020 Apróbase o PDA do Máster para o curso 2020-21.
  - 23/03/2020 Envíase un informe sobre o desenvolvemento da docencia en remoto solicitado pola ETSE por petición da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional (inclúese no Anexo I). Infórmase de que a docencia de todas as materias estase a impartir sen maiores problemas utilizando as ferramentas dispoñibles, principalmente Moodle y MS Teams.
  - 25/03/2020 Publícase unha instrucción para a modificación das guías docentes de acordo co establecido na Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020. Estabrecese un prazo ata o día 13 de abril para incorporar as modificacións na Secretaría Virtual do profesorado.
  - 02/04/2020 O SXOPRA informa da apertura do prazo para presentarse ao “Ranking 250 Másters” de El Mundo. O prazo estará aberto ata o 12 de maio. Solicitarase aos profesores do Máster que cubran o cuestionario de valoración facendo referencia explícita ao noso Máster.
2. Aprobación, se procede da acta da reunión do 10 de febreiro de 2020.  
Apróbase por asentimento.
3. Ratificacións de aprobaciós polo procedemento de urxencia.  
O Prof. Ramón F. Moreira Martínez foi proposto como secretario da Comisión Académica do Máster en substitución de Julia González Álvarez.
4. Asignación provisional de materias do Máster para o POD do curso 2020-21.  
Apróbanse as seguintes asignación de docencia:
  - Asignación da materia “Técnicas e metodoloxías en laboratorios de I+D” á Prof. Anuska Mosquera Corral, que a impartiu en substitución do Prof. Ramón Méndez Pampín cando estivo de sabático. Se o Prof. Ramón Méndez Pampín consegue a praza de Profesor Emérito, a materia incorporárase ao seu POD.
  - Asignación completa da materia “Enerxética Industrial” ao Prof. José Antonio Souto. Se o Prof. Juan J. Casares Long consegue a praza de Profesor Emérito trasladaránselle ao seo POD as horas que viña impartindo en cursos anteriores.

- Asignación dun grupo de laboratorio da materia “Deseño conceptual de procesos” (32 h) que vai solicitarse fora de PDA á Prof. Anuska Mosquera (12 h), á Prof. Eva Rodil (8 h) e ao Prof. Héctor Rodríguez (12 h) no caso de que sexa concedido. No caso de que o Prof. Alberto Arce finalmente poida continuar como profesor Emérito a curso 2020-21 a docencia desde grupo incorporárase ao seu POD.
5. Procedemento de asignación de prazas de prácticas en empresa.  
O procedemento de asignación de prazas de prácticas en empresas establece de que no caso de que a empresa non faga a selección, as prazas asignaranse por orde de expediente dos Módulos 1 e 2 do Máster. Neste curso dase o caso de que os/as alumnos/as procedentes da Pontificia Universidad Católica de Valparaíso polo convenio de dobre título non teñen realizados ditos módulos, o primeiro porque o teñen convalidado e o segundo porque o desenvolverán no curso 2020-21, polo que non se lles pode valorar polo criterio establecido. A Comisión decide utilizar no seu lugar a nota de acceso ao Máster adaptada ao noso rango de calificacións.
  6. Aprobación do cambio na Coordinación do Máster.  
A coordinadora do Máster, debido a súa incorporación como Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, comunica que presentará a súa dimisión con efectos da data de inicio do curso 2020-21, aínda por determinar. Co fin de que na elaboración do POD do próximo curso poda figurar o desconto docente do/a novo/a Coordinador/a solicita que se faga a elección neste momento. Propón como candidato á coordinación do Máster ao Prof. Héctor Rodríguez Martínez. Non se presentan outras propostas e o cambio e aprobado por unanimidade tendo efectos da data de inicio do curso 2020-21.
  7. Organización da docencia e da avaliación do último cuatrimestre.  
En cando ao desenvolvemento da docencia non presencial, como se indicou nos informes, estase a impartir sen maiores problemas utilizando as ferramentas dispoñibles, principalmente Moodle y MS Teams. Con todo, houbo problemas de dispoñibilidade do software necesario para as prácticas dalgunhas materias, en particular HYSYS y SPSS, co que houbo que facer unha adaptación das clases prácticas. En particular, SPSS poderá estar dispoñible esta semana, aínda que pendente das probas, co que se funciona poderán completarse as prácticas da materia Planificación da investigación.  
O equipo de goberno da USC estableceu un prazo ata o día 13 de abril para que os profesores fagan nas súas guías docentes os cambios relativos aos contidos, planificación, metodoloxía e bibliografía básica para adaptala a docencia no presencial que xa se estenderá ata final de curso. O día 14 de abril as guías serán aprobadas polos departamentos e o día 30 de abril polos centros. No caso do Máster tres materias inician a súa docencia esta semana polo que terán que adaptarse completamente á docencia non presencial.  
O seguinte paso e a adaptación da avaliación das materias que o equipo de goberno quere ter preparada para o 30 de abril, establecendo as opcións para levar a cabo a avaliación e as datas das dúas oportunidades, que case con seguridade terán que ser modificadas. A intención e poder desenvolver a avaliación presencial, pero para o caso de que non sexa así deberá analizarse como desenvolver a avaliación non presencial das materias.
  8. Asuntos de trámite.  
Non houbo asuntos que tratar.

9. Quenda aberta.

A Comisión decide analizar se é posible realizar avaliación non presencial de todas as materias do Máster e, si se contempla realizar exames, facelos on-line nas datas fixadas para a primeira convocatoria actual. Exporáselle a todos os profesores que neste momento está a impartir docencia para ver se podemos chegar a unha solución única para o Máster de avaliación non presencial.

Julia González Álvarez  
Coordinadora do Máster

**ANEXO I**

**Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos**

Na actualidade estase a cursar una materia obrigatoria do Módulo 3 e oito materias do Módulo 4 (unha obrigatoria e sete optativas), que se impartiron durante a semana pasada de forma non presencial.

<p><b>Recursos e ferramentas que se están empregando para a docencia</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega de documentación e solicitude de traballos mediante Moodle.</li> <li>• Discusión mediante Moodle, resolución de dudas mediante correo e Moodle.</li> <li>• As clases expositivas desenvólvense mediante MS Teams.</li> <li>• Uso de Mentimeter (É un plataforma para facer Kahoot on-line)</li> <li>• Uso de software de libre uso específico para algunhas materias.</li> </ul>
<p><b>Principais problemas detectados</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fíxose unha enquisa para coñecer as posibilidades de conexión dos alumnos e aínda que non contestaron todos hai evidencia de problemas en dous casos.</li> <li>• As mensaxes de Moodle tardan ata 24 h en recibirse.</li> <li>• Requírese o uso de software (SPSS e Aspen HYSYS) que non está dispoñible.</li> <li>• Limitación da capacidade de conexión a internet dalgún profesor desde o seu domicilio (servizo de datos medidos), que ademáis debe costear o propio traballador.</li> </ul>
<p><b>Solucións adoptadas ou mecanismos pensades que se poderían poñer en práctica para resolver eses problemas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enviar as mensaxes aos alumnos con antelación suficiente para que os reciban a tempo.</li> <li>• Grabar as clases para que os alumnos poidan acceder a elas posteriormente o que é posible empregando MS Teams.</li> <li>• Conseguir licencias para o uso do software necesario.</li> <li>• Revisión de recursos e prioridades de procesos do Campus Virtual.</li> <li>• Formación que cubra a todo o profesorado no uso de MS Teams e outras ferramentas de creación de vídeos etc.</li> </ul>
<p><b>Suxerencias xerais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A opción de crear en Teams clases virtuais entre compañeir@s é una medida moi eficaz para compartir experiencias. É o modelo de “titorías entre pares” na aprendizaxe cooperativo. Complementa e potencia calquera curso on-line ou videotutorial.</li> </ul>